

SEGATUR

*Sendeiros de Galicia
para o Turismo Rural*

SEGATUR

Sendeiros de Galicia para o Turismo Rural s.l.u.

SEGATUR convértese en sociedade limitada no ano 2004. Pero moito antes, dende o ano 1996, está traballando no mundo do sendeirismo.

Comeza o negocio paseniñamente con pequenas rutas nos arredores de Vigo.

O seu traballo vaise estendendo e hoxe dá servizo a toda Galicia.

Dende o ano 2008 amplía o seu mercado con sinalización e servizos para rutas de bicicletas de montaña BTT.

A maior parte dos seus produtos (como rótulos e paneis) son fabricados no seu propio obradoiro.

Grazas á calidade dos seus produtos tamén subministra materiais de sinalización a outras empresas de dentro e de fóra de Galicia.





O principal obxectivo en SEGATUR é subministrar servizos e produtos de calidade.

A súa mellor promoción son os seus propios produtos e servizos.

Unha empresa que medra sempre a modo, adaptándose ó mercado.

Unha empresa orgullosa da súa orixe. Capital galego para Galicia.

Henrique Freixeiro

Xosé Henrique Freixeiro Cameselle, fundador de SEGATUR, nace en Vigo no ano 1969.

Por afeccións deportivas familiares ten contacto co montañismo dende neno.

Coñecedor de case tódalas serras galegas, ten ascendido ós maiores cumios galaicos e ollado cumios en Europa e África.

Cursou estudos de enxeñería e empresariais na Universidade de Santiago, na de Vigo e na UNED.

Traballou en tarefas directivas en varias empresas por toda a xeografía galega, residindo principalmente na Coruña e en Vigo.

Obtén o título de Técnico de Sendeiros FEDME en Córdoba e comeza a desenvolver o seu traballo profesional ligado á súa principal afección deportiva.

Fóra da súa traxectoria empresarial é membro da Escola Galega de Alta Montaña dende o ano 1987, é presidente do Clube de Montaña Xistra e está moi involucrado no deporte federado do montañismo, sendo membro das asembleas xerais da Federación Galega de Montañismo e da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada.



SEGATUR
Rúa de Zaragoza 62
Baixo - Fondo do patio
36211 - VIGO

Apdo. 5.430
36200 - VIGO

www.segatur.com
info@segatur.com

Telf./Fax +34 886 11 70 11
Móbil +34 654 165 730

SEGATUR

